CERTAME DE POESÍA INFANTIL "NADAL 2026"
CONVOCATORIA LOCAL

A BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL "EL VIEJO PANCHO" DE RIBADEO convoca o CERTAME DE POESÍA INFANTIL "NADAL 2026" (Fase local), de acordo coas seguintes

BASES :

1ª) Participantes: pode participar calquera neno ou nena, rapaz ou rapaza ata os 16 anos.

2ª) Establécense tres categorías : A, ata 8 anos, B, de 9 a 11 anos, e C, de 12 a 16 anos.

3ª) Tema: o Nadal.

4ª) Língua: os poemas estarán redactados en galego.

5ª) Extensión: terán unha extensión máxima dun folio por unha soa cara. Poderán presentarse escritos a computador ou a man; neste último caso sempre a bolígrafo e nunca a lapis.

6ª) Identificación: cada autora ou autor poderá presentar cantos traballos desexe con cadansúa folla de datos cumprimentada en letra maiúscula lexible.

Os datos identificativos irán nesta folla de datos, nunca no traballo presentado.

7ª) Prazos: O prazo de presentación rematará o **18 de decembro de 2026** debendo ser entregados na BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL.

8ª) Xurado: un xurado, formado por persoas entendidas na materia, seleccionará para cada categoría os traballos gañadores. Os autores premiados recibirán un DIPLOMA ACREDITATIVO E LOTE DE LIBROS.

9ª) Fallo: o fallo do xurado local farase público no mes de xaneiro do 2027.

10ª) Fase provincial: Os traballos premiados nesta fase local, participarán na fase provincial do Certame, convocado pola Biblioteca Pública de Lugo, co patrocinio da Consellería de Cultura**,** Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia.

11ª) Propiedade dos traballos: os traballos premiados serán propiedade da Biblioteca, que se reserva o dereito de publicación dos mesmos.

12ª) Todas as incidencias non previstas nestas bases serán resoltas polo xurado.

13ª) A presentación das obras a este certame supón a aceptación das presentes bases.

RIBADEO

FOLLA DE DATOS PERSOAIS

(PRE-ENCHER EN MAIÚSCULAS)

NOME……

APELIDOS……

ENDEREZO COMPLETO……...

……

TELÉFONO……

IDADE……

CENTRO DE ENSINO……

CURSO……

BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL DE RIBADEO

Tel. 982.128.650 / 982.128.662 / 982.130.958 / 982.120.701 • Fax 982.130.975
Praza de España, 1. 27700 Ribadeo • CIF P-2705100-B • ribadeo@ribadeo.gal